

DECLARACIÓN DE PARÍS

Atopámonos nun momento histórico para a resposta á SIDA. Grazas aos avances científicos, o activismo comunitario e o compromiso político cuns obxectivos comúns, temos a oportunidade real de pór fin á epidemia de SIDA a escala mundial para o ano 2030. As cidades levan moito tempo na primeira fila da resposta á SIDA e agora atópanse nunha posición única para liderar accións aceleradas con miras a alcanzar os obxectivos 90-90-90 en 2020: que o 90% das persoas que viven co VIH coñeza o seu estado serolóxico; que o 90% de quen coñece o seu estado serolóxico positivo reciba tratamento; e que o 90% das persoas en tratamento suprima a carga viral.

Podemos deter todas as novas infeccións polo VIH e evitar as mortes relacionadas coa SIDA, incluídas as mortes por tuberculoses. Podemos acabar co estigma e a discriminación. Todos os nosos cidadáns deben ter acceso a servizos de prevención, tratamento, atención e apoio relacionados co VIH e a tuberculose que permitan salvar vidas.

Se colaboran, as cidades poden adoptar medidas locais que teñan unha repercusión mundial. Ao aproveitar o noso alcance, infraestrutura e capacidade humana, as cidades crearán un futuro máis equitativo, inclusivo, próspero e sustentable para toda a cidadanía, sen importar o seu sexo, idade, situación económica ou social ou orientación sexual.

Os ALCALDES COMPROMETÉMONOS A:

1. Pór fin á epidemia de SIDA nas cidades para o ano 2030

Comprometémonos a alcanzar os obxectivos 90-90-90 relativos ao tratamento do VIH para 2020, que reducirán rapidamente o número de infeccións polo VIH e as mortes relacionadas coa SIDA -incluídas as causadas pola tuberculose- e acelerarán o proceso para acabar coa SIDA para o ano 2030. Comprometémonos a ofrecer un acceso sostido aos servizos de detección, tratamento e prevención. Terminaremos co estigma e a discriminación.

2. Situar as persoas no centro de todo o que facemos

Centrarémonos, sobre todo, nas persoas vulnerables e marxinadas. Respectaremos os dereitos humanos e non deixaremos a ninguén de lado. Actuaremos no plano local e en colaboración coas nosas comunidades para impulsar o apoio mundial en prol de sociedades resistentes e saudables e do desenvolvemento sustentable.

3. Abordar as causas de risco, vulnerabilidade e transmisión

Empregaremos todos os medios necesarios, como ordenanzas municipais e outras ferramentas, para abordar os factores que fan que as persoas sexan vulnerables ao VIH e a outras enfermidades. Traballaremos estreitamente coas comunidades, os provedores de servizos, os encargados do cumprimento da lei e outros organismos, así como coas poboacións marxinadas e vulnerables, incluídos os habitantes de barrios marxinais, as persoas desprazadas, as mulleres novas, os traballadores sexuais, as persoas que se inxectan droga, os migrantes, os homes que teñen relacións sexuais con outros homes e os transexuais, co fin de crear e promover a tolerancia.

4. Utilizar a resposta á SIDA para unha transformación social positiva

O noso liderado impulsará unha transformación social innovadora para crear sociedades equitativas, inclusivas, receptivas, resistentes e sustentables. Integramos programas de saúde e sociais co obxecto de mellorar a prestación de servizos, incluídos os relacionados co VIH, a tuberculose e outras enfermidades. Empregaremos os avances da ciencia, a tecnoloxía e a comunicación para impulsar este obxectivo.

5. Crear e acelerar unha resposta adecuada ás necesidades locais

Desenvolveremos e promoveremos servizos innovadores, seguros, accesibles, equitativos e libres de estigma e discriminación. Fomentaremos e impulsaremos a participación e o liderado da comunidade para incrementar a demanda e para prestar servizos que respondan as necesidades locais.

6. Mobilizar recursos para a saúde pública e o desenvolvemento integrados

Investir xuntos na resposta á SIDA, amosando un compromiso firme coa saúde pública, é un investimento sólido no futuro das nosas cidades que fomenta a produtividade, a prosperidade compartida e o benestar. Adaptaremos os recursos e os plans das nosas cidades para ofrecer unha resposta acelerada. Desenvolveremos un mecanismo de financiamento innovador e mobilizaremos recursos e estratexias adicionais para pór fin á epidemia de SIDA para 2030.

7. Unirnos como líderes

Comprometémonos a elaborar un plan de acción e a unirnos nunha rede de cidades con obxecto de facer realidade esta declaración. Traballaremos en ampla consulta con todas as partes interesadas e analizaremos periodicamente os resultados co fin de axustar as nosas respostas para que sexan máis rápidas, intelixentes e eficaces. Apoiaremos a outras cidades e compartiremos as nosas experiencias, coñecementos e información sobre os aspectos que funcionan e os que se poden mellorar. Informaremos anualmente sobre os nosos progresos.